

CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE FORMACIÓN CONTINUADA DE LA CARRERA JUDICIAL ENTRE EL CONSEJO GENERAL DEL PODER JUDICIAL Y LA XUNTA DE GALICIA PARA EL AÑO 2023

Madrid, en la fecha de la firma electrónica

REUNIDOS:

De una parte, el Presidente del Consejo General del Poder Judicial, p.s., el Vocal Excmo. Sr. Don Rafael Mozo Muelas, nombrado según Acuerdo (n.º 1.3) del Pleno del Consejo General del Poder Judicial de 13 de octubre de 2022, en ejercicio de las facultades que le atribuye el artículo 585 de la Ley Orgánica 6/1985, de 1 de julio, del Poder Judicial, y en representación del Consejo General del Poder Judicial según la previsión del artículo 598.1 de la Ley Orgánica del Poder Judicial.

Y de otra parte, el Sr. D. Diego Calvo Pouso, Vicepresidente Segundo y Consejero de Presidencia, Justicia y Deportes de la Xunta de Galicia, actuando en nombre y representación de la Xunta de Galicia, en virtud del Decreto 60/2022, de 15 de mayo, por el que se nombran los titulares de los departamentos de la Xunta de Galicia, y en ejercicio de las facultades que le confiere el artículo 34 de la Ley 1/1983, de 22 de febrero, reguladora de la Xunta y de su Presidencia.

Ambas partes se reconocen con capacidad y legitimación suficiente en derecho para celebrar y firmar el presente convenio de colaboración, y en su virtud

CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE FORMACIÓN CONTINUADA DA CARREIRA XUDICIAL ENTRE O CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL E A XUNTA DE GALICIA PARA O ANO 2023

Madrid, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS:

Dunha parte, o presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial, p.s., o vogal Excmo. Sr. D. Rafael Mozo Muelas, nomeado segundo o Acordo (n.º 1.3º) do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial do 13 de outubro de 2022, no exercicio das facultades que lle atribúe o artigo 585 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e en representación do Consello Xeral do Poder Xudicial segundo a previsión do artigo 598.1ª da Lei orgánica do poder xudicial.

E doutra parte, o Sr. D. Diego Calvo Pouso, vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, e no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Ambas as partes se recoñecen con capacidade e lexitimación suficiente en dereito para formalizar e asinar o presente convenio de colaboración, e na súa virtude



EXPONEN:

Primero. El artículo 122 de la Constitución Española establece que el Consejo General del Poder Judicial es el órgano de gobierno del mismo y será presidido por el Presidente del Tribunal Supremo. Asimismo, el artículo 104.2 de la Ley Orgánica 6/1985, de 1 de julio, del Poder Judicial (en adelante, LOPJ), dispone que el gobierno del Poder Judicial corresponde al Consejo General del Poder Judicial, que ejerce sus competencias en todo el territorio nacional; y, por su parte, el artículo 105 de la propia LOPJ determina que el Presidente del mismo es la primera autoridad judicial de la nación y ostenta la representación del Poder Judicial y del órgano de gobierno del mismo.

El Consejo General del Poder Judicial, entre sus funciones constitucionales de gobierno del Poder Judicial, ostenta la exclusiva competencia en materia de formación inicial y continuada de jueces y magistrados en virtud de lo dispuesto en el artículo 560.1.7ª de la LOPJ, para cuyo ejercicio, de acuerdo con lo previsto en el artículo 433 bis.4 de dicho texto legal, puede colaborar con otras entidades y organismos.

El artículo 585 de la LOPJ establece que el Presidente del Consejo General del Poder Judicial ostenta la representación del Poder Judicial y del órgano de gobierno del mismo, y su artículo 598 establece que corresponde a la Presidencia del Consejo General del Poder Judicial ostentar la representación del mismo.

Segundo. Por su parte, el Estatuto de Autonomía de Galicia, en su artículo 20.1, confiere a la comunidad autónoma todas las

EXPOÑEN:

Primeiro. O artigo 122 da Constitución española establece que o Consello Xeral do Poder Xudicial é o órgano de goberno deste e será presidido polo presidente do Tribunal Supremo. Así mesmo, o artigo 104.2 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial (de aquí en diante, LOPX), dispón que o goberno do poder xudicial lle corresponde ao Consello Xeral do Poder Xudicial, que exerce as súas competencias en todo o territorio nacional; e, pola súa banda, o artigo 105 da propia LOPX determina que o presidente do mesmo é a primeira autoridade xudicial da nación e ten atribuída a representación e goberno do poder xudicial.

O Consello Xeral do Poder Xudicial, entre as súas funcións constitucionais de goberno do poder xudicial, exerce a exclusiva competencia en materia de formación inicial e continuada de xuíces e maxistrados en virtude do disposto no artigo 560.1.7ª da LOPX, para cuxo exercicio, de acordo co previsto no artigo 433 bis.4 do dito texto legal, pode colaborar con outras entidades e organismos.

O artigo 585 da LOPX establece que o presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial ten atribuída a representación do poder xudicial e mais do órgano de goberno deste, e o seu artigo 598 establece que lle corresponde á Presidencia do Consello Xeral do Poder Xudicial portar a representación deste.

Segundo. Pola súa parte, o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 20.1, confírelle á comunidade autónoma todas as



facultades relativas a la atención de las necesidades de la Administración de Justicia.

Tercero. La colaboración entre ambas instituciones se ha plasmado en la suscripción de varios convenios.

De este modo, el 22 de abril de 1991 las referidas partes llevaron a término un protocolo de cooperación en materia de formación de los miembros de la carrera judicial con destino en la Comunidad Autónoma de Galicia, en el que quedaron sentadas las bases de la cooperación entre ambas instituciones.

En desarrollo de las bases sentadas en el protocolo mencionado, y para dotar de eficacia ejecutiva al mismo, ambas partes vienen colaborando en la formación continuada de jueces y magistrados destinados en Galicia mediante la suscripción de convenios anuales, de los cuales se firmó el último en el año 2022.

Cuarto. Las partes consideran necesario modificar estos convenios y adecuarlos a la legislación vigente, en aras a mantener e impulsar estas líneas de colaboración entre ambas instituciones.

Quinto. En atención a todo cuanto se acaba de exponer, las dos partes, en el ejercicio de sus respectivas facultades y entendiendo beneficioso para ambas la colaboración en distintas materias de su competencia, acuerdan suscribir el presente convenio, que se registrará por las siguientes

CLÁUSULAS:

Primera. Objeto.

Este convenio tiene por objeto establecer el marco de colaboración a desarrollar entre el Consejo General del Poder Judicial y la Xunta de Galicia, por medio de la Escuela Judicial y de la

facultades relativas á atención das necesidades da Administración de xustiza.

Terceiro. A colaboración entre ambas as institucións plasmouse na subscrición de varios convenios.

Deste xeito, o 22 de abril de 1991 as referidas partes levaron a termo un protocolo de cooperación en materia de formación dos membros da carreira xudicial con destino na Comunidade Autónoma de Galicia, no que quedaron asentadas as bases da cooperación entre ambas as institucións.

En desenvolvemento das bases asentadas no protocolo mencionado, e para dotalo de eficacia executiva, ambas as partes veñen colaborando na formación continuada de xuíces e maxistrados destinados en Galicia mediante a subscrición de convenios anuais, dos que o último se asinou no ano 2022.

Cuarto. As partes consideran necesario modificar estes convenios e adecualos á lexislación vixente, en prol de manter e impulsar estas liñas de colaboración entre ambas as institucións.

Quinto. En atención a todo canto se acaba de expoñer, as dúas partes, no exercicio das súas respectivas facultades e entendendo beneficioso para ambas a colaboración en distintas materias da súa competencia, acordan suscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. Obxecto.

Este convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración a desenvolver entre o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Xunta de Galicia, por medio da Escola Xudicial e da



Vicepresidencia Segunda y Consellería de Presidencia, Justicia y Deportes respectivamente, en lo que se refiere a cualesquiera actividades de formación y perfeccionamiento para jueces y magistrados con destino en la Comunidad Autónoma de Galicia, tanto aquellas que consistan en organización de congresos, seminarios, coloquios, jornadas y cursos como las que impliquen la realización de investigaciones, publicaciones y estudios que puedan contribuir a su mejora.

El marco de colaboración de este convenio se circunscribe a la vigencia de este, correspondiente al año 2023.

Segunda. Compromisos de las partes.

La Xunta de Galicia y el Consejo General del Poder Judicial colaborarán, en la forma que se establece a continuación, en la financiación, organización y gestión de los programas de formación y perfeccionamiento dirigidos al conjunto de los jueces y magistrados que prestan sus servicios en la mencionada comunidad.

Dentro de dicho ámbito, el Consejo General del Poder Judicial y la Xunta de Galicia promoverán de común acuerdo cuantas actividades sean realizadas en el año 2023 convenientes para la mejor formación de jueces y magistrados, con particular atención a materias relacionadas con el Derecho Autonómico, Derecho Civil de Galicia, lengua gallega, Derecho Comunitario y derechos fundamentales, y en general con todas aquellas normas legales que tengan implantación en Galicia.

La Dirección General de Justicia de la Vicepresidencia Segunda y Consellería de Presidencia, Justicia y Deportes y la Escuela Judicial del Consejo General del Poder Judicial asumirán conjuntamente la organización y

Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respectivamente, no que se refire a calquera actividade de formación e perfeccionamento para xuíces e maxistrados con destino na Comunidade Autónoma de Galicia, tanto aquelas que consistan en organización de congresos, seminarios, coloquios, xornadas e cursos coma aquelas outras que impliquen a realización de investigacións, publicacións e estudos que poidan contribuír á súa mellora.

O marco de colaboración deste convenio circunscríbese á vixencia do mesmo, que se corresponde co ano 2023.

Segunda. Compromisos das partes.

A Xunta de Galicia e o Consello Xeral do Poder Xudicial colaborarán, na forma que se establece a continuación, no financiamento, organización e xestión dos programas de formación e perfeccionamento dirixidos ao conxunto dos xuíces e maxistrados que prestan os seus servizos na mencionada comunidade.

Dentro do dito ámbito, o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Xunta de Galicia promoverán de común acordo cantas actividades sexan realizadas no ano 2023 convenientes para a mellor formación de xuíces e maxistrados, con particular atención a materias relacionadas co Dereito Autonómico, Dereito Civil de Galicia, lingua galega, Dereito Comunitario e dereitos fundamentais, e en xeral con todas aquelas normas legais que teñan implantación en Galicia.

A Dirección Xeral de Xustiza da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e mais a Escola Xudicial do Consello Xeral do Poder Xudicial asumirán conxuntamente a organización e xestión



gestión material de todas las actividades de formación y perfeccionamiento que se desarrollen en el ámbito de la comunidad, siempre que se trate de actividades programadas dentro del marco de este convenio, y sin perjuicio de que el Consejo General del Poder Judicial pueda favorecer dentro de sus planes de formación otras actividades a nivel de provincia o inferior, o a nivel del territorio de la comunidad autónoma cuando se trate de actividades no previstas en el marco del convenio.

En todo caso, ambas partes procurarán mantener mecanismos de coordinación a fin de evitar que las actividades programadas por cada una de las mismas no incluidas en el marco del convenio se interfieran mutuamente.

La asistencia y participación en actividades de formación y perfeccionamiento se acreditará por medio de diplomas o certificaciones, tanto de asistencia como de aprovechamiento, que expedirán conjuntamente ambas instituciones organizadoras.

Tercera. Financiación.

El coste de realización de los objetivos convenidos será financiado entre las instituciones firmantes mediante aportaciones respectivas, que se determinarán en función de las acciones previstas y de las disponibilidades presupuestarias existentes en cada ejercicio y de acuerdo con las especificaciones establecidas en los programas anuales de financiación, en este caso el correspondiente al año 2023, que revestirán la forma de anexo que se acompaña a este convenio.

El presupuesto y forma de financiación de las actividades previstas será el siguiente:

a) El presupuesto máximo para la realización de las actividades será de 52.000€.

material de todas as actividades de formación e perfeccionamento que se desenvolvan no ámbito da comunidade, sempre que se trate de actividades programadas dentro do marco deste convenio, e sen prexuízo de que o Consello Xeral do Poder Xudicial poida favorecer dentro dos seus plans de formación outras actividades no ámbito da provincia ou inferior, ou no ámbito do territorio da comunidade autónoma cando se trate de actividades non previstas no marco do convenio.

En todo caso, ambas as partes procurarán manter mecanismos de coordinación a fin de evitar que as actividades programadas por cada unha delas non incluídas no marco do convenio se interfiran mutuamente.

A asistencia e participación en actividades de formación e perfeccionamento acreditarase por medio de diplomas ou certificacións, tanto de asistencia coma de aproveitamento, que expedirán conxuntamente ambas as dúas institucións organizadoras.

Terceira. Financiamento.

O custo de realización dos obxectivos convidados será financiado entre as institucións asinantes mediante achegas respectivas, que se determinarán en función das accións previstas e das dispoñibilidades orzamentarias existentes en cada exercicio e de acordo coas especificacións establecidas nos programas anuais de financiamento –neste caso, o correspondente ao ano 2023–, que revestirán a forma de anexo que se xunta a este convenio.

O orzamento e forma de financiamento das actividades previstas será o seguinte:

a) O orzamento máximo para a realización das actividades será de cincuenta e dous mil euros (52.000 €).



El Consejo General del Poder Judicial aportará hasta un máximo de veintisiete mil euros (27.000,00 €) y la Xunta de Galicia aportará hasta un máximo de veinticinco mil euros (25.000,00 €) para la realización de las actividades que se desarrollen en el año 2023.

La financiación de las actividades consideradas en su conjunto se efectuará al 50% entre ambas instituciones, siempre que no supere un importe de 50.000 €.

En el caso de que las actividades objeto del convenio, incluidas en el anexo, superen la cantidad indicada, el exceso será asumido por el Consejo General del Poder Judicial, que en este supuesto aportará a la financiación de las actividades previstas para 2023 hasta un máximo de 27.000 €.

La parte correspondiente a la Xunta de Galicia será con cargo a la partida presupuestaria 06.03.131A.226.06 "Reuniones, conferencias y cursos".

La parte correspondiente al Consejo General del Poder Judicial será con cargo al Presupuesto del Consejo General del Poder Judicial correspondiente al ejercicio económico 2023 y correspondientes a las partidas presupuestarias 080132.111.O.22606 (Reuniones y conferencias), 080132.111.O.230 (Dietas y Alojamiento), 080132.111.O.231 (Desplazamiento) y 080132.111.O.233 (Retribuciones).

b) Si fuera necesario realizar liquidaciones parciales, el Consejo General del Poder Judicial transferirá a la Dirección General de Justicia el importe de los gastos en la parte que le corresponda, previa certificación expedida por la Dirección General de Justicia sobre dichos gastos generados por las actividades desarrolladas.

c) Por su parte, el Consejo General del Poder Judicial podrá asumir la realización de ciertas

O Consello Xeral do Poder Xudicial achegará ata un máximo de vinte e sete mil euros (27.000,00 €) e a Xunta de Galicia fornecerá ata un máximo de vinte e cinco mil euros (25.000,00 €) para a realización das actividades que se desenvolvan no ano 2023.

O financiamento das actividades consideradas no seu conxunto será efectuado ao 50% entre ambas as institucións, sempre que non supere un importe de cincuenta mil euros (50.000 €).

No caso de que as actividades obxecto do convenio, incluídas no anexo, superen a cantidade indicada, o exceso será asumido polo Consello Xeral do Poder Xudicial, que neste suposto achegará ao financiamento das actividades previstas para 2023 ata un máximo de vinte e sete mil euros (27.000 €).

A parte correspondente á Xunta de Galicia será con cargo á partida orzamentaria 06.03.131A.226.06 (Reunións, conferencias e cursos).

A parte correspondente ao Consello Xeral do Poder Xudicial será con cargo ao orzamento do Consello Xeral do Poder Xudicial correspondente ao exercicio económico 2023, e ás correspondentes partidas orzamentarias 080132.111.O.22606 (Reunións e conferencias), 080132.111.O.230 (Axudas de custo e aloxamento), 080132.111.O.231 (Desprazamento) e 080132.111.O.233 (Retribucións).

b) Se for necesario realizar liquidacións parciais, o Consello Xeral do Poder Xudicial transferirá á Dirección Xeral de Xustiza o importe dos gastos na parte que lle corresponda, tras certificación expedida pola Dirección Xeral de Xustiza sobre os ditos gastos xerados polas actividades desenvoltas.

c) Pola súa banda, o Consello Xeral do Poder Xudicial poderá asumir a realización de certas



actividades y los gastos derivados de las mismas, y también, previa certificación, solicitar de la Xunta de Galicia la transferencia en la parte que le corresponda.

La Comisión Mixta de Seguimiento de este convenio determinará en el anexo de actividades y presupuesto, o mediante acuerdos específicos, qué actividades se financiarán en la forma prevista en los apartados anteriores.

La liquidación del presente convenio se realizará una vez concluidas las actividades formativas programadas. A tal efecto, cada parte entregará a la otra certificación acreditativa de los gastos realizados con cargo a su propio presupuesto y la parte que resulte deudora transferirá a la otra el importe que corresponda al objeto de lograr el equilibrio en las respectivas aportaciones al presupuesto total del Programa anual de formación. Junto con la certificación se acompañará relación de los gastos que conforman el importe certificado. Asimismo, cualquiera de las partes firmantes del convenio puede solicitar los documentos justificativos de los citados gastos.

Realizada la liquidación anual definitiva, tanto el Consejo General del Poder Judicial como la Dirección General de Justicia transferirán, en su caso, al órgano gestor correspondiente el importe por el que pudieran resultar acreedores.

Ambas partes se comprometen especialmente a adoptar las previsiones presupuestarias pertinentes y los trámites legales necesarios para la efectividad del presente convenio.

Cuarta. Comisión Mixta de Seguimiento.

Con el fin de coordinar las actividades necesarias para la ejecución de este convenio,

actividades e os gastos derivados delas, e tamén, precedendo certificación, solicitar da Xunta de Galicia a transferencia na parte que lle corresponda.

A Comisión Mixta de Seguimento deste convenio determinará no anexo de actividades e orzamento, ou mediante acordos específicos, que actividades se financiarán na forma prevista nos apartados anteriores.

A liquidación do presente convenio realizarase unha vez concluídas as actividades formativas programadas. Para tal efecto, cada parte entregarlle á outra unha certificación acreditativa dos gastos realizados con cargo ao seu propio orzamento e a parte que resulte debedora transferirlle á outra o importe que corresponda, co obxecto de lograr o equilibrio nas respectivas achegas ao orzamento total do programa anual de formación. Canda a certificación fornecerase unha relación dos gastos que conforman o importe certificado. Así mesmo, calquera das partes asinantes do convenio pode solicitar os documentos xustificativos dos citados gastos.

Realizada a liquidación anual definitiva, tanto o Consello Xeral do Poder Xudicial coma a Dirección Xeral de Xustiza transferirán, se é o caso, ao órgano xestor correspondente o importe polo que poidan resultar acreedores.

Ambas as partes comprométense especialmente a adoptar as previsións orzamentarias pertinentes e os trámites legais necesarios para a efectividade do presente convenio.

Cuarta. Comisión Mixta de Seguimento.

Co fin de coordinar as actividades necesarias para a execución deste convenio, así como para



así como para llevar a cabo su seguimiento, vigilancia y control, se creará una Comisión Mixta de Seguimiento compuesta por dos representantes de cada una de las partes, designados conforme a sus respectivas normas institucionales. Su presidencia corresponderá alternativamente, por períodos anuales, a cada una de las dos partes intervinientes.

La comisión se reunirá a instancia de cualquiera de las partes firmantes previa convocatoria de su Presidente, y al menos una vez al año, para examinar los resultados de la cooperación realizada.

La comisión podrá recabar informes sobre las medidas, resultados e incidencias que se produzcan en relación con el objeto del presente convenio y ejercerá las siguientes funciones:

- a) Proponer la realización de cuantas actividades vayan dirigidas a la ejecución del objeto del presente convenio. En la medida en que estas actividades comporten obligaciones y compromisos económicos, se articularán a través del correspondiente acuerdo de ejecución de este convenio, cumplimentándose los trámites preceptivos correspondientes por cada parte firmante.
- b) Realizar el seguimiento de las actuaciones y de los trabajos realizados en desarrollo de las actividades previstas en el presente convenio.
- c) Estudiar y proponer, en su caso, las posibles revisiones de los compromisos asumidos.
- d) Impulsar las funciones de coordinación entre las instituciones firmantes para la más adecuada consecución de los objetivos del convenio.
- e) Interpretar el convenio y resolver cuantas dudas puedan surgir en su ejecución.

Esta comisión, de acuerdo con lo establecido en el artículo 49.f) de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público

levar a cabo o seu seguimento, vixilancia e control, creárase unha Comisión Mixta de Seguimento composta por dous representantes de cada unha das partes, designados conforme as súas respectivas normas institucionais. A súa presidencia corresponderá alternativamente, por períodos anuais, a cada unha das dúas partes intervinientes.

A comisión reunirase á instancia de calquera das partes asinantes logo de convocatoria do seu presidente, e cando menos unha vez ao ano, para examinar os resultados da cooperación realizada.

A comisión poderá solicitar informes sobre as medidas, resultados e incidencias que se produzan en relación co obxecto do presente convenio, e exercerá as seguintes funcións:

- a) Propoñer a realización de cantas actividades vaian dirixidas á execución do obxecto do presente convenio. Na medida en que estas actividades comporten obrigas e compromisos económicos, artellaranse a través do correspondente acordo de execución deste convenio, sendo efectivados os trámites preceptivos correspondentes por cada parte asinante.
- b) Realizar o seguimento das actuacións e dos traballos realizados no desenvolvemento das actividades previstas no presente convenio.
- c) Estudar e propoñer, se for o caso, as posibles revisións dos compromisos asumidos.
- d) Impulsar as funcións de coordinación entre as institucións asinantes para a máis axeitada consecución dos obxectivos do convenio.
- e) Interpretar o convenio e resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

Esta comisión, de acordo co establecido no artigo 49.f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en diante,



(en lo sucesivo, LRJSP), es el instrumento acordado por las partes para el seguimiento, vigilancia y control del convenio y de los compromisos adquiridos por los firmantes y ejercerá sus funciones de acuerdo con lo establecido en los artículos 51.2.c) y 52.3 de la mencionada Ley, ajustándose su composición y funciones al contenido de la sección tercera del capítulo II del título preliminar de la LRJSP, artículos 15 y siguientes.

Independientemente de lo anterior, la Comisión Mixta de Seguimiento podrá designar una comisión ejecutiva en la que figurará un representante de cada parte, a fin de dotar de una mayor agilidad la ejecución de este convenio, y cuyas funciones serán:

- a) Acordar el concreto desarrollo del programa de actividades de formación previsto.
- b) Acordar las modificaciones necesarias en el desarrollo de las actividades de formación previstas.
- c) Cuantas le sean delegadas o encomendadas por la Comisión Mixta de Seguimiento del convenio siempre que no estén atribuidas legalmente a esta última.

Quinta. Vigencia y eficacia del convenio.

El período de vigencia del presente convenio comprende desde el momento de su firma hasta al 31 de diciembre de 2023.

Sexta. Modificación, resolución y extinción del convenio.

El presente convenio podrá ser modificado por mutuo acuerdo de las partes a través de la suscripción de la correspondiente adenda modificativa, que deberá ser suscrita por las mismas autoridades que firman este convenio. De acuerdo con el artículo 51 de la LRJSP:

LRXSP), é o instrumento acordado polas partes para o seguimento, vixilancia e control do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes e exercerá as súas funcións de acordo co establecido nos artigos 51.2.c) e 52.3 da mencionada lei; e axustarase na súa composición e funcións ao contido da sección terceira do capítulo II do título preliminar da LRXSP (artigos 15 e seguintes).

Independientemente do anterior, a Comisión Mixta de Seguimento poderá designar unha comisión executiva na que figurará un representante de cada parte, a fin de dotar dunha maior axilidade a execución deste convenio, e cuxas funcións serán:

- a) Acordar o concreto desenvolvemento do programa de actividades de formación previsto.
- b) Acordar as modificacións necesarias no desenvolvemento das actividades de formación previstas.
- c) Cantas lle sexan delegadas ou encomendadas pola Comisión Mixta de Seguimento do convenio, sempre que non lle estean atribuídas legalmente a esta última.

Quinta. Vixencia e eficacia do convenio.

O período de vixencia do presente convenio comprende desde o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Sexta. Modificación, resolución e extinción do convenio.

O presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo das partes a través da suscripción da correspondente addenda modificativa, que deberá ser suscrita polas mesmas autoridades que asinan este convenio. De acordo co artigo 51 da LRXSP:



1. El convenio se extingue por el cumplimiento de las actuaciones que constituyen su objeto o por incurrir en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

a) El transcurso del plazo de vigencia del convenio sin haberse acordado la prórroga del mismo.

b) El acuerdo unánime de todos los firmantes.

c) La denuncia del convenio cuando se estime que se han producido alteraciones sustanciales de las condiciones en las que ha sido suscrito.

d) El incumplimiento, por parte de alguno de los firmantes, de las obligaciones y compromisos asumidos.

En este caso, la otra parte podrá notificar a la parte incumplidora un requerimiento para que cumpla en el plazo de dos meses con las obligaciones o compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimiento será comunicado, a su vez, a la Comisión Mixta de Seguimiento.

Si trascurrido el plazo indicado en el requerimiento persistiere el incumplimiento, la parte que lo dirigió notificará a la parte incumplidora la concurrencia de la causa de resolución y se entenderá resuelto el convenio.

e) La decisión judicial declaratoria de la nulidad del convenio.

f) Una causa de fuerza mayor que imposibilite el objeto del convenio.

g) Cualquier otra causa distinta de las anteriores prevista en las leyes.

La resolución del convenio no afectará a la finalización de las actividades que estuvieran en ejecución, para las que la Comisión Mixta de Seguimiento establecerá un plazo improrrogable de finalización, en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 52.3 de la LRJSP.

